

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 18 de novembro de 2011, da Xefatura Territorial de Ourense, pola que se procede á publicación das subvencións concedidas ao abeiro da Resolución do 19 de maio de 2011, pola que se regulan as bases e se convocan axudas para a realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos, de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como fin facilitar a conciliación da vida familiar e laboral (Diario Oficial de Galicia número 99, do 24 de maio).

De conformidade co disposto no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 22 da Resolución do 19 de maio de 2011, pola que se establecen as bases e se convocan axudas para a realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos, de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como fin facilitar a conciliación da vida familiar, procédese á publicación das subvencións que foron concedidas por esta xefatura territorial con base na citada Resolución do 19 de maio.

Finalidade da axuda: favorecer e impulsar a conciliación do traballo e da vida familiar de mulleres e homes mediante axudas destinadas á realización polas asociacións de nais e pais do alumnado de programas de actividades complementarias e extraescolares.

Norma reguladora: Resolución do 19 de maio de 2011 pola que se regulan as bases e se convocan axudas para a realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos, de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como fin facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.

Crédito orzamentario: 42.604,74 €.

Partida orzamentaria: 04.40.312G.481.0.

Entidades beneficiarias da subvención e importe concedido a cada unha delas: ver o anexo.

Ourense, 18 de novembro de 2011.

Luis Ortiz Álvarez
Xefe territorial de Ourense

ANEXO

Crédito asignado: 42.392,75 €.

Axudas concedidas:

| CIF | Entidade | Importe |
|-----------|--|------------|
| G32011314 | Anpa CEIP O Couto | 6.000,00 € |
| G32148306 | Anpa O Recreo - CEIP Manuel Bermúdez Couso | 3.278,94 € |
| G32030918 | Anpa Colexio Salesiano María Auxiliadora | 4.126,88 € |
| G32138299 | Anpa CEIP Irmáns Villar | 6.000,00 € |
| G32231136 | Anpa CEIP Vistahermosa | 2.256,78 € |
| G32123937 | Anpa Josefina - Colexio San José | 6.000,00 € |
| G32173312 | Anpa Ben Cho Shey - Colexio Público do Pereiro de Aguiar | 4.733,44 € |
| G32013203 | Anpa O Areal - Colexio Sagrado Corazón | 6.000,00 € |
| G32009326 | Anpa Villa de Ribadavia | 3.996,71 € |